

Traballo exposto o xoves 30 de abril de 2009 no IES Sánchez Cantón. Clase de Lingua e Literatura Galega do século XX.

Autoras: Paula Ameneiros, Sofía Fernández, Manuel Sieiro, Silvia Agís

Tema: A morte na xente nova. Textos: O Suso

-**Material** utilizado: ordenador portátil, canón de vídeo, traballo escrito

-**Tempo**: 35 minutos

-**Descrición**: os alumnos foron explicando o tema sobre os **pps, e os vídeos** alternándose os tres (Paula estaba nese momento ausente por motivos xustificadas de saúde). Só expuxeron o tema da morte. A parte literaria como fora visto na clase o texto e de acordo co profesor só entregaron o resultado, porque a exposición tiña que ser só nunha clase.

Puxeron unha canción que se repetía de música de fondo durante a explicación.





Composición: comentario de *O Suso*, Méndez Ferrín

Este texto de Xosé Luis Méndez Ferrín, trata o tema da mote na xente nova, do suicidio adolescente. Poderíamos estruturalo en catro partes; a primeira dende o inicio, ata que Manolito baixa da súa casa ó oír ao Suso chamándoo; a segunda parte dende que baixa Manolito ata que se separa do Suso no río; a terceira parte dende que comeza a buscar ao neno no río, ata que encontra a ese neno e descobre que é o Suso; e a última e cuarta parte dende que sae correndo con moito medo ata que o chaman ao día seguinte pola morte do Suso.

A lingua empregada é a de propia de Ourense, que podemos recoñecela por exemplo, polo il (el), soio (solo), labre (labio), bairro (barrio), suxo (sucio) ... etc., tamén hai palabras que na primeira lectura non as entendes entre elas tamén se encontran algunhas das dá lingua de Ourense, pero podemos

destacar tamén : poutada (zarpaos), carnavais (cañaverais), cepa (parra), casoupa (chavola), testa (cabeza), fede (cheira), tatexei (tartamudeei)...etc.

Cabe destacar algo que chamounos a atención, no texto do Suso. Na segunda parte, das cales seleccionamos, atopamos que alí, a néboa era lixeira, na terceira parte, a néboa espesara, e na cuarta parte, non había néboa.

Isto sinala a tensión na historia, primeiro todo era calma, despois moita tensión, e finalmente non había tensión.

Xosé Luis Médez Ferrín neste texto da unhas descripcións moi profundas: por exemplo para expresar a voz do Suso, di que cegaba a el moi fortemente, como unha corrente que rinchase, aquí tamén compara a voz dunha persoa coa dunha corneta.

O autor, tamén se centra na descripción dos lugares: había néboa lixeira, coma un cristal algo suxo, facía frío, érguese vénto e tivo máis frío, había un rumor dos canavais, axitados coma unha cabeleira erecta que berrase, o vento rizaba a iauga pareada Barbaña, a néboa espesare... o berro foi longo e repulsivo... non había néboa,

En canto ás descripcións dos personaxes atopamos que o Suso é un rapaz de cara morena e fina que tiña xeitos seguros.

Tamén expresa como vai segundo o momento coa cabeza baixa, camiñando con pasos inseguros denotando inseguridade, ten os ollos abertos... Nótase que o autor inquire en cada movemento e detalle.

O lugar no que se sitúa o texto é en Barbaña, unha zona de Ourense. Alí está o río da Barbaña, que segundo o o texto, este río fede, e é onde se concentra toda a porquería de Ourense.

A historia encádrase nun tempo dunha noite; pola noite esperta Manoliño, ocorre a trama, e chega ata a mañá do día seguinte, cando lle din que o Suso afogara.

Este texto ten diferentes interpretacións: unha delas pode ser que todo foi un soño e que comeza a soñalo no momento que lle peten os amigos na porta, dicíndolle que o Suso morrera; outra interpretación, é que todo foi real, que o Suso o chamara e logo suicidárase ; e a outra interpretación, é que a alma do Suso, chamara a Migueliño para ensinarlle o Corpo do neno afogado.

En conclusión, poderíamos dicir que este texto ten moita interese xa que pode ter diferentes interpretacións e iso facilita a imaxinación das persoas que o len. É un texto que aos do noso grupo pareceunos interesante, por iso escollimos o tema que trata do suicidio, xa que este tema na actualidade ten moita influencia e transcendencia.

Moitas son as causas da morte na xente nova. A continuación vamos a expoñer os temas do suicidio, os accidentes de coche, as drogas e a mortalidade infantil.

O suicidio

Durante a adolescencia, na etapa de desenvolvemento preséntanse nos xóvenes cambios difíciles que producen ansiedade e depresión.

O suicidio, prodúcese normalmente por unha crise emocional, sentimentos de caraxe, de rexeitamento...etc

Aquí temos algúns exemplos:

- 1- Un intento de escapar dunha situación dolorosa ou estresante
- 2- Despois da perda dun elemento importante para a súa vida, como a perda dun ser querido.
- 3- Cando o mozo sintese responsable de algo que sucedeu e quere castigarse
- 4- Cando o mozo atenta contra a súa vida porque quere producir remordementos noutra persoa
- 5- Cando o individuo quere chamar a atención, as veces o mozo non quere chegar a que se produza o seu acometido, senón que quere ser descuberto antes, mentres que outras veces quere morrer.
- 6- Cando pensa que morre por unha causa, coma se fose un sacrificio.
- 7- Cando quere probarse a sí mesmo e aos demais que é unha persoa valente

Cabe destacar tamén o suicidio que se coñece coma *submediato*, donde a intención de morrer non é consciente, de maneira que a vítima se autodestrúe lentamente,

Este é o caso sobre todo da xente que padece unha enfermidade provocada por sentimentos negativos ou estados emocionais que afectan á saúde física, este suicidio consiste na inxestión de substancias malas para a saúde como son as drogas, o alcohol e o tabaco.

As familias do individuo autodestructivo, normalmente teñen problemas para controlar os seus impulsos, é dicir, tenden a ser impulsivos no seu enfrontamento coa vida diaria, tamén pode existir unha tendencia familiar a manexar o estrés dunha maneira inadecuada. Neste tipo de familias solen ocorrer conflitos constantes, particularmente, separacións e antecedentes patolóxicos, especialmente de alcoholismo ou algunha outra adicción nun ou ambos pais.

Normalmente suicídanse máis nenas ca nenos.

Sinais de aviso de sentimentos, pensamentos ou comportamentos suicidas:

- Cambios nos hábitos alimenticios e do sono.
- Pérdida de interese nas actividades habituais
- Retraemento respecto dos amigos y membros da familia.
- Manifestacións de emocións contidas e afastamento ou fuxida..
- Uso do alcohol e de drogas.
- Abandono do aspecto persoal.
- Situacións de risco innecesarias.
- Preocupación acerca da morte.
- Aumento de molestias físicas frecuentemente asociadas a conflitos emocionais, como dolores de estómago, de cabeza y fatiga.
- Pérdida de interese pola escola ou o traballo escolar.
- Sensación de aburrimiento.
- Dificultade para concentrarse.
- Deseos de morrer.
- Falta de resposta os eloxios
- Aviso de plans ou intentos de suicidarse, incluídos os seguintes

comportamientos:

- Verbaliza: "Quero matarme" ou "Vou a suicidarme".
- Da sinais verbais como "Non serei un problema por moito tempo máis" ou "Se me pasa algo, quero que sepan que ...".
- Regala os seus obxectos favoritos; tira as súas pertencencias importantes.
- Ponse alegre de súpetoe logo dun período de depresión.
- Pode expresar pensamentos extraños.
- Escribe unha ou varias notas de suicidio

Aquí temos uns exemplos:

Neno de 12 anos suicidase nun pobo de Cádiz a víspera da volta ao colexio

Un neno de 12 anos de idade quitouse a vida a tarde do lunes 7 de xaneiro, en Ubrique (Cádiz), dun tiro de escopeta que lle destrozou a cabeza. Aunque a confusión rodea as circunstancias da morte de J. M. C. R., todo parece indicar que o suicidio produciuse polas dificultades do neno no colexio. As últimas calificacións foron malas, había varios suspensos e algunha observación dos mestres sobre a actitude do pequeno. O último que dixo foi: "Yo no iré al 'cole" Entón pegouse o tiro.

Outro exemplo é o seguinte:

Unha nena suicidase por culpa dun mentireiro en Internet

Megan Meier, unha nena de 13 anos suicidouse tras romper a súa amizade con Josh, outro suposto adolescente co que sólo falaba por mensaxes del [MySpace](#). Realmente Josh non existiu nunca, tratabase dunha familia do vecindario, que xunto coa axuda dun ex-amigo de Megan gañáronse a súa confianza para días despois romper su amizade mediante unha mensaxe na que se lle acusaba de ser unha persoa cruel. Á mañá seguinte, Megan que tiña problemas de depresión e déficit de atención quitouse la vida.

Accidentes de coche

Cada día morren en accidentes de tráfico catro mozos de entre 15 y 29 anos

Aproximadamente 1.400 mozos morren cada ano en accidentes de tráfico en España, que constitúen a primeira causa de morte entre as persoas de entre 15 y 29 anos, según un estudo do Real Automóvil Club de Cataluña (RACC). Os mozos presentan unha taxa de mortalidade (25,9%) catro veces superior á das mulleres (6,8%).

No ano 2005 morreron na estrada 1.387 mozos de entre 15 y 29 anos y máis de 8.000 resultaron feridos graves.

Outro dos resultados do estudo é que o 60% dos accidentes de tráfico dos mozos ocorren entre o venres e o domingo, a metade prodúcese entre as doce da noite y as seis da mañá.

Un exemplo destes accidentes é o seguinte:

Catro mozos perden a vida nun accidente en Toques

Catro mozos morreron esta mañá e outro resultou con feridas graves ó caer o seu coche por un desnivel duns 20 metros na estrada DP-4604 e empotrarse contra unha árbore de grandes dimensións, un suceso que produciuse no municipio coruñés de Toques, cando o coche BMW no que viaxaban saíu da calzada pola dereita nunca curva hacia a esquerda, isto conmocionou á localidade lucense de Friol, onde naceron os cinco.



Cando os encontraron, o conductor estaba fóra do vehículo mentres que os acompañantes, que faleceron, tiñeron que ser excarcelados de entre os ferros.

Drogas

A heroína, a cocaína e as drogas de diseño traen consigo novos problemas. Datos proporcionados polo Observatorio Nacional sobre Drogas Español, os mozos comencan a consumir drogas os catorce anos. Ademais de causar a morte polo seu consumo excesivo tamén é porque en moitas ocasións as drogas están moi manipuladas que as fan máis mortales.

Os mozos consumidores poden ter un comportamento normal, estudantes que axudan na casa, fan deporte, etc, pero nos fins de semana consumen drogas. Estas substancias acortan as súas vidas e provocan graves trastornos como dependencia.

Moitos mozos comencan a consumir por múltiples razóns como:

- Escasa capacidade crítica ante as presións dos seus amigos
- Incapacidade para a resolución de conflitos ou problemas
- Falta de autocontrol
- Baixa autoestima

O ambiente no que se move a persoa tamén inflúe. Para grupos de xente as drogas son de prestixio e están moi ben vistas e minorizan os riscos e esaxeran os seus beneficios.

Todo isto leva a perigos de gran importancia sobre a persoa que as consume. Tamén sole afectar ao entorno do consumidor.

Un informe do observatorio Europeo di que o prezo das drogas baixou entre un 10% e un 30% nos últimos anos.

O tema das drogas e as adiccións provocan unha gran problemática en casi todas as sociedades modernas. A prohibición de estas substancias non parecer aforrar moitos problemas e sen duda propiciou outros debido o mercado negro.

Siguese crendo na prohibición do consumo de drogas como cannabis, cocaína, heroína, drogas sintéticas..como o único camino desde as administracións, pero as solucións planteadas aportan máis do mesmo.

Un estudo da revista Healt que apunta, por orden, as drogas as que é máis fácil volverse adicto e as que resulta difícil deixalas.

A droga máis adictiva é o tabaco, é de venda legal, pero rápidamente provoca adiccción e o consumo crónica pode durar anos ou toda a vida aumentando o risco de cancro de pulmón.

Nicotina

Cristal

fumado

Crack

Metanfetamina

Valium

Methaqualone

Secrobarbital

Alcohol

Heroína

Anfetaminas

Cafeina

PCP

Marihuana

Extasis
Setas
LSD
Mescalina

alucinógenas

Exemplo das consecuencias das drogas:

138 mortos polo consumo de drogas o ano pasado

138 persoas faleceron na Comunidade de Madrid por reacción aguda o consumo de droga durante 2008. O 78% eran homes e idade media dos falecidos era de 40 anos. A directora xerente da Axencia Antidroga ofreceu o dato que nese mesmo ano gastáronse 225 millóns de euros na loita contra a droga. As urxencias hospitalarias polo consumo de droga evidenciaron unha tendencia crecente para cocaína e cannabis.

Por idades, nestas urxencias hospitalarias predominaron entre menores de 25 anos o cannabis, a cocaína entre os 25 y los 44 anos e os opiáceos entre 35 y 45 anos. En 2008 entregáronse 827.249 xiringas aos drogodependentes, cun retorno do 75,8%; fronte a 946.332 xiringas entregadas en 2007, cun retorno del 80%.

A rede de centros de atención integral ao drogodependente (CAID) da Comunidade de Madrid atendeu a 20.853 drogodependentes, un 8,7% máis que o ano anterior, nos 39 centros de este tipo. O perfil destas persoas correspondeuse en 2008 co de un policonsumidor varón (82%), solteiro (59%), cun nivel socioeconómico medio (50%), sin incidencias legais (82%) e cunha idade entre 31 y 40 anos (36%).

Mortalidade infantil

A finais do século XIX e principios do XX, o falecemento de rapaces era impresionante. A metade dos nenos nados vivos morría antes de cumprir un ano de idade. De ahí que os pais non se involucrasen tanto cos nenos como unha maneira de conservar a súa estabilidade mental, polo que de algunha maneira están obrigados a limitar o grao de relación psicolóxica cos seus fillos pequenos e fráxiles, un exemplo da esperanza tan baixa se observa en accións como poñer a varios fillos o mesmo nome coa esperanza de que sobreviva algún, ou ben bautizar a un neno co nome de alguén recién morto.

O decrecemento da mortalidade infantil decreceu debido os avances da medicina que permitiu que moitas enfermidades que antes provocaban a morte agora se podan curar.

Uns dos problemas actualmente que hai para que se siga producindo un alto índice de mortalidade infantil nos países subdesenvolvidos é a falta de progreso, o escaso desenvolvemento e a carencia de recursos o que se teñen que afrontar os seus habitantes.

Países de desenvolvemento	Menores de 1 ano	Menores de 5
baixo	108,00%	183,00%
medio	46,00%	61,00%
alto	9,00%	10,00%

Noticias a cerca da mortalidade infantil:

Ser nai nos países pobres é 300 veces máis perigoso

O risco de morrer duante o parto en Níxer é de un entre sete. En Irlanda, de un ente 47.600. Nos países pobres, ter un fillo segue a supoñer un gravísimo risco: é 300 veces máis perigoso que nos países industrializados. Un informe presentado por Unicef, *Estado mundial da Infancia 2009*, pon o acento na situación materna e neonatal: catro millóns de recém nacidos(hasta 28 días) morren cada ano por causas fácilmente evitables.

Nos últimos anos reduciuse a mortaliadde nos menores de 5 anos, pero non nos recém nacidos, as principais infeccións supoñen o 36% das mortes principalmente o tétanos, a gastroenterotis e a neumonía.

Penuria alarmante en 33 países

33 países do mundo, a maoria africanos,encóntranse nunha situación de fame "alarmante" o " extremadamente alarmante", según o Índice Global da Fame, a situación pode ser aínda peor, porque os datos recabáronse en 2006, antes da crise do precio dos alimentos.

A crise financeira pode aliviar algo a situación, dado que se reduce o prezo das materias primas, pero o colapso do crédito fai que o acceso ao capital sexa difícil, e iso inclúe ao sector agrícola, o que engade un novo obstáculo a crise da alimentación.